

BREVE RECENSIÓN HISTÓRICA DA FILOSOFÍA

1. Porque isto é unha historia de Amor...

1.1 A orixe desta historia.

A historia da filosofía é unha historia moi especial... non se trata dunha descrición de datos e acontecementos senón que a nosa historia é a *historia das ideas*, o relato do devir das ideas a cerca do mundo e o home ó longo do tempo. Por iso estudar filosofía, comprender o concepto é filosofar. Os diferentes autores dos que falaremos permítenos achegarnos a unha realidade xa pasada pero que nos axuda a darlle senso ó presente xa que moitos deses debates seguen vixentes pois entroncan co mais perenne do ser humano. Vexamos as diferentes manifestacións filosóficas cronolóxicamente:

1.2 A filosofía na idade Antiga s. VI a. C. - I d. C.

Dividirémola según a problemática tratada en 5 períodos:

- Cosmolóxico s. VI a. C :centrados na natureza, os presocráticos
- Antropolóxico s. V a. C.:centrados no ser humano.Sócrates e os Sofistas
- Grandes sistemas s. IV a. C Platón e Aristóteles
- Helenístico s. III a. C.- I d. C :centrados na ética.
- Período relixioso s. I d. C :neoplatonismo

-I.PERÍODO COSMOLÓXICO: representa o “*Paso do Mito ó Logos*”, os primeiros filósofos tentan atopar a orde no aparente caos buscando a esencia da NATUREZA ou Phisis (“o que crece ou brota”) a través da búsqueda do principio constitutivo do real ou ἀρχή (Arxé), buscar a orixe permite comprender o que non cambia (grazas á razón) no que cambia (o percibido polos sentidos), a lei que rexe ás cousas é racional, esta lei é o “logos” o cal permite explicar ó cosmos coma algo rexido por unha orde natural. Os presocráticos problematizaron o cambio tentando buscar o que non cambia (a lei) no cambiante: as cousas da realidade que están en constante devir, dexeneración... para eles hai algo que se mantén, algo que pon en relación a toda a natureza e que si o descubrimos poderemos comprendela. A razón, o logos é aquilo que nos permite descubrir isto.

Estes son os conceptos fundamentais que nos permiten comprender a investigación dos presocráticos, investigación que deu orixe á ciencia e cultura occidental. É importante que trates de comprendelos coma si dun poliedro se tratase, cada un deles permite achegarnos o que buscaban os primeiros filósofos cando investigaban a realidade, o cosmos.

Phisis (Φύσις):natureza, o que brota

Arxé (ἀρχή): principio constitutivo do real, principio do que todo brota.

Logos(λόγος):razón, palabra, discurso, argumento, intelixencia.




Cosmos (κόσμος): orde.

Caos (Χάος): desorde

Eidos (εἶδος): esencia, idea, forma

Os primeiros filósofos son os **Presocráticos** (por ser anteriores a Sócrates aínda que algúns conviviron con él, a razón dese nome sobre todo débese a que tratan o mesmo tema: o cosmos, o período Socrático no s. V a. de C. investiga ó *Home* inaugurando o período antropolóxico, os protagonistas serán os sofistas e Sócrates.



Os presocráticos soémolos clasificar en monistas e pluralistas en virtude do seu arxé:

A)**MONISTAS**: Ofrecen un arxé de carácter material.

A.1)**MILESIOS**:

-TALES: auga

-ANAXIMANDRO: apeiron

-ANAXÍMENES: aire

A.2) **PITÁGORAS**: os pitagóricos constituían una seita relixiosa que vivía en comunidade consagrando a vida ao estudo e ao desenrolo da filosofía e das matemáticas único xeito de purificar a alma que consideraban inmortal seguindo as influencias dos órficos. Para eles o Arxé é formal, os números son aquilo que nos permiten dar senso a realidade, un arxé que fusiona dúas características pois o número permite comprender ó múltiple e ademáis é inmaterial. O filósofo cando observa o movemento usa ás matemáticas para vislumbrar a armonía musical do cosmos. Para eles tódalas cousas materiais están feitas de números formando parellas de contrarios. Tras do aparente caos que observamos polos sentidos, a razón, a través das matemáticas, permítenos captar a orde subxacente ás cousas.

A.3)**HERÁCLITO**: ofrece unha concepción dinámica do *SER*, para el o *lume* é o arxé coma expresión do devir constante no que se oculta o logos, un logos que o filósofo debe tentar comprender. A contradicción é esencial á natureza por iso a simboliza co lume xa que as cousas despois da combustión comezan a ser dun xeito renovado.



Non é posible descender dúas veces ao mesmo río, tocar dúas veces unha substancia mortal no mesmo estado, pero polo momento e a velocidade dos cambios (está) disperso e outra vez atópase, e vén e desaparece (frag. 91).

Baixamos e non baixamos ao mesmo río; nós mesmos somos e non somos (frag. 49)

Quen non espera o inesperado, non o atopará, porque non é nin escrutable nin accesible (fragmento 18)

A natureza "Phisis" ten pracer en esconderse (frag. 123)

Todo o contrario reconciliase e das cousas máis distintas nace a máis fermosa harmonía, e todo xérase a modo de contraste (frag. 8)

Na periferia do círculo, o principio e o final son comúns (frag. 103)

Todas as cousas combínanse recíprocamente co lume e o lume á súa vez con todas as cousas, como a mercadoría con ouro e o ouro coa mercadoría (frag. 90)

Polo tanto é necesario seguir o común; pero, aínda que o logos é común, a maioría vive coma se tivese unha determinada (particular) intelixencia (frag.2)

Heráclito, S. VI a de C. Sobre a natureza, Fragmentos

A.4) **PARMÉNIDES:** Defende unha concepción estática do *SER*, descripción dun arxé metafísico eterno, perfecto, único e inmutable. O cambio non é real, é mera aparencia dos sentidos, o non ser é innomeable, intransitable, indecible... Soio "o ser é, o non-ser non-é". Debemos aprender a distinguir a verdade das aparencias, o aparente non é real.

"Ben, vouche contar (e ti, despois de escoitar a miña historia, trasládaa) as únicas vías de investigación pensables.

O primeiro, que é e non é NON-SER, é o camiño da persuasión (porque acompaña á verdade); o outro, que non é e é necesariamente NON-SER, isto asegúrovos, é un camiño totalmente impracticable. Pois non poderías coñecer o Non-ser (é imposible) nin expresalo; Pois o mesmo é pensar e ser. Hai que dicir e pensar que a entidade é, porque o ser é e o non-ser non é. Isto é o que che mando que consideres. Retírovos, pois, deste camiño previo de investigación e despois daquel polo que vagan con dúas cabezas os ignorantes; pois a impotencia guía o pensamento vacilante no seu seo; son arrastrados, xordos e cegos ao mesmo tempo, estupefactos, persoas sen xuízo, para as que o ser e o non se consideran o mesmo e non o mesmo e para os que o camiño de todas as cousas é un continuo andar e retroceder. Pois nunca se probará que sexan non entidades, pero ti quita o teu pensamento deste camiño de investigación, non deixes que o hábito te obrigue a dirixir a túa mirada sen rumbo por este camiño, o teu oído resoante ou a túa lingua, pero xulga coa razón a tan comentada proba que propoño"

Parménides, S. V a. De C. Poema, Sobre a Natureza, Fragmentos 2,3,6,7.



B) PLURALISTAS:

A oposición entre Parménides e Heráclito provocou intentos de conciliación por parte dos chamados filósofos pluralistas que volven a reducir o cambio a cambio local.

B.1)EMPÉDOCLES: o arxé son os catro elementos: auga, aire, lume e terra. Son eternos e imperecedoiros, todo se forma pola mezcla dos mesmos grazas ó amor e discordia entre eles.

B.2)ANAXÁGORAS: Todo o que existe é resultados da mestura de innumerables “Homeomerías” (spermata ou sementes) as cales se separan e se unen guiadas polo *Nous*, intelixencia omnipotente e infinita, intelixencia cósmica.

B.3) LEUCIPO E DEMÓCRITO: Para eles a realidade é a combinación de átomos en azaroso movemento mecánico no baleiro. O mecanicismo di que o mundo formouse polo choque destes átomos.

- ☒ Institucionalmente neste período a educación estaba vetada para as mulleres pero a Escola Pitagórica si as admitía, hai documentadas case trinta. A médica e matemática **TEANO** ou **TEMISTOCLEA**, sacerdotisa délfica e profesora de Pitágoras son referentes na historia do pensamento filosófico feminino

II.PERÍODO ANTROPOLÓXICO:

Sócrates e os Sofistas deixarán de ter interés por investigar á *Physis* e se centrarán no ser humano coma problema dende o ámbito epistemolóxico, ético e político, a cuestión é: podémos estar de acordo co que é xusto para todos? ou, que é bo para todos? A resposta será radicalmente oposta:

Sofistas: A verdade obxectiva non existe polo que defenden posicións escépticas e relativistas. Como a verdade non existe de xeito natural (pois todo está en constante devir) é necesario determinala convencionalmente por iso a retórica será o método dos Sofistas, aquilo que permita acadar éxito social.

Sócrates: Para él si existe a verdade obxectiva polo que defende que si se pode atopar unha definición absoluta e universal da verdade, para elo daranos un método: a *Maieutica* mediante o que academos éxito moral. Para Sócrates si sabes o que é bo, xusto e verdadeiro podes actuar ben, soio o ignorante obra mal, isto se coñece coma o *intelectualismo moral*.

- ☒ ASPASIA DE MILETO foi unha muller libre e independente distinguida na esfera pública pola sua grande influencia cultural coma mestra de retórica e erótica (reflexión sobre o Amor). No Banquete de Platón aparece baixo o nome ficticio de Diotima (a “honrada polos deuses”)

III.PERÍODO DOS GRANDES SISTEMAS:

Platón e o seu discípulo Aristóteles son os protagonistas e abrirán dúas vertentes na historia da filosofía :



Racionalista-Idealista: Platón (427 a. C. - 347 a. C) afirma que son as ideas a fonte única de coñecemento da verdade, defende un *idealismo realista* co cal indica que a auténtica realidade son Ideas. Defende que a realidade é dual: sendo unha auténtica, o mundo intelixible (universal, divino, perfecto...) e a outra copia, imitación, o mundo sensible(particular, corruptible, imperfecto).

Este **dualismo ontolóxico** proxéctase nun **dualismo epistemolóxico** (o auténtico coñecemento ven do mundo intelixible e sobre o sensible soio podemos opinar nunca obter verdade) e á súa vez se proxecta nun **dualismo antropolóxico** pois o ser humano é un ser composto de corpo e alma, o corpo ó ser sensible é fonte de erro e mal moral.

Dualismo ontolóxico

Mundo Intelixible
.....
Mundo sensible

Dualismo epistemolóxico


Ciencia (episteme)
.....
Opinión (doxa)

Dualismo Antropolóxico

Alma
.....
Corpo

Empirista: Para Aristóteles (384 a. C. - 322 a. C) o coñecemento ven da experiencia xa que a mente é unha “tábula rasa”, coma un folio en Branco que se enche do percibido polos sentidos.

Só hai unha realidade e para explicala desenrola a *Teoría Hilemórfica* pois para él a realidade é un composto inseparable de materia(HILE) e forma(MORPHE), a forma é o universal.



Para Aristóteles a forma é o universal que se atopa de xeito inherente ás cousas, á materia e que mediante un proceso de abstracción levado a cabo pola razón podemos descubrir. A verdade consiste na correspondencia entre o pensado e as cousas.

IV.PERÍODO HELENÍSTICO s. III a. de C.:

Danse dous grandes focos culturais:

Alexandría: desenrola a investigación sobre a natureza, os filósofos mais destacados son : Aristarco, Hiparco, Euclides, Arquímedes, Ptolomeo

Atenas: Debido á crise do imperio grego será unha filosofía pesimista e se centrará na filosofía moral coma orientación para acadar a felicidade.

Neste cadro podes ver as propostas éticas mais destacadas:

Filosofía Helenística

Escolas Atenienses

Cínismo	A felicidade ven da vida simple e acorde á natureza sen ataduras materiais, a autonomía é o auténtico ben
Epicureísmo	A vida feliz acádase evitando a dor e racionalizando o placer optando polos praceres serenos e duradeiros pois dan ataraxía (a auténtica felicidade) e dominando os intensos e efímeros pois son perigosos pola súa adicción
Estoicismo	A felicidade ven da comprensión do logos universal ou destino que non está nas nosas mans cambialo. O que podemos cambiar é o irracional (sentimentos, emocións...)




Ilustración 1. A Filosofía Helenística

V. PERÍODO RELIXIOSO : NEOPLATONISMO

Última etapa cargada de misticismo e relixiosidade. Confrontación inicial coa relixión cristiana. Os maiores representantes so Plotino, Porfirio, Hipatia de Alexandría.

1.3 A filosofía na Idade Media V-XIV

O cristianismo será o protagonista desta época. Nos primeiros séculos sintetízase coa filosofía grega nacente así a filosofía medieval que terá coma tema central a relación entre a Fe e a Razón .

Dous grandes períodos :

-PATRÍSTICA s. I- V :

Reflexións dos primeiros pais da igrexa ante a verdade revelada utilizando conceptos filosóficos para racionalizar os seus dogmas e defender a súa doutrina. Agostiño de Hipona será o mais destacado.

-ESCOLÁSTICA s. XI-XIV:

A **primeira escolástica** vai do s. XII-XIII e dase unha clara influencia do pensamento de Platón e Agostiño. Os filósofos mais importantes deste período son Anselmo de Canterbury, Pedro Abelardo, Hilsegarda de Bingen.

A **Alta escolástica** s. XIII-XIV está representada por Alberto Magno e Tomás de Aquino é o momento dos grandes sistemas filosófico-teolóxicos marcados pola influencia de Aristóteles .

A **crise da escolástica** s.XIV amosa a separación entre Fe e a Razón sendo o maior representante Guillermo de Ockham.

1.4 A filosofía na Modernidade

- O RENACEMENTO s. XV-XVI

Período de transición entre a filosofía medieval e a moderna no que se produce un Xiro humanista. Platón volve a ser inspiración para autores coma Pico de la Mirandola; Aristóteles inspirará a Pietro Pomponazzi; Erasmo polo humanismo; Tommaso Campanella o pensamento Utópico; o realismo político de Maquiavelo; Bacon criticará a Aristóteles ofrecendo unha nova concepción da Natureza ; a Revolución científica terá coma protagonistas a Copérnico, Galileo ou Kepler rompendo coa cosmovisión Aristotélico-Ptolemaica, ó que se suman as primeiras reivindicacións feministas por parte de Cristina de Pizán.

-A FILOSOFÍA MODERNA s. XVII-XVIII

A filosofía moderna céntrase fundamentalmente na gnoseoloxía pois ante o cambio de paradigma (a ruptura coa cosmovisión aristotélico-ptolemáica e medieval) a cuestión centrarase en como obter certeza de que se está ante a certeza.

Descartes é o pai da modernidade por decatarse de que en realidade non coñecemos ó *obxecto en si* senón que o que coñecemos son as *representacións dese obxecto en min*, é dicir, a **idea** do obxecto (insisto, o que coñecemos son ideas non cousas !) Polo tanto o problema é buscar o xeito de atopar un criterio de certeza que garantice que estamos ante a verdade. O problema da modernidade é o problema da subxectividade, é o idealismo (xa que o que coñecemos son as ideas que elabora sobre a realidade o suxeito pero non coñecemos a realidade en si) O **SER** entenderase coma concepto. As respostas que tentarán solucionar esa subxectividade virán de catro grandes sistemas:

-1.**RACIONALISMO**. Defenden que o coñecemento da realidade derívase de ideas ou principios evidentes *innatos*, a experiencia é enganosa por iso a rexeitan coma fonte válida de coñecemento. Destacan os pensadores: René Descartes ,Baruch Spinoza, Gottfried W. Leibniz.

-2.**EMPIRISMO**: Para eles a orixe e o límite do coñecemento é a experiencia, non aceptan as ideas innatas polo que consideran que a mente é un papel en branco que se enche coa percepción sensible.

-3.**CRITICISMO KANTIANO**: Preocupado polos límites do coñecemento tentará evitar o dogmatismo racionalista e o escepticismo empirista e para iso desenrolará o criticismo dende o que defenderá unha síntese conciliadora de ambas posturas (a orixe do coñecemento é a experiencia pero hai algo mais que aporta o suxeito que permite universalizar esa experiencia: as estruturas trascendentais as cales son a priori e están no suxeito de forma innata. Así vai responder negativamente á cuestión de si a metafísica é ou non unha ciencia.

Aplicará o criticismo á moral indicando que ésta debe ser formal ,universal e autónoma, polo que será o deber ,o respecto e a liberdade a clave do seu imperativo categórico.

-4.**IDEALISMO ALEMÁN**: Hegel revaloriza ó estado fronte á sociedade civil, a idea (o racional) fronte ó real. Fichte e Schelling son outros representantes do idealismo.

- ☒ A partir do S XVIII o pensamento ilustrado de pensadoras coma a marquesa de Châtelet ou Madame de Staël será fundamental para comprender os cambios que comezan a darse neste período sobre a discriminación da muller. Olympe de Gouges (unha revolucionaria francesa) e a Inglesa Mary wollstonecraft representan o inicio do movemento feminista.

1.5 A filosofía contemporánea S. XIX-XXI

A caraterística fundamental desta etapa da historia da filosofía é o exame e análise crítica de toda a filosofía anterior. Vexamos as diferentes propostas:

POSITIVISMO	A. Comte	O saber científico está baseado nos feitos polo que rexeitan metafísica.
MARXISMO	K.Marx, Engels, R. Luxemburgo, Simone Weil	Materialismo, dialéctica ,crítica social e política e acción transformadora...O marxismo é un humanismo.
VITALISMO	Nietzsche, Lou Andreas Salomé, Ortega, Zambrano	Para o vitalismo a vida non se pode explicar dende as ciencias empíricas únicamente senón que describen a vida coma unha forza inmaterial, coma vontade.
FENOMENOLOXÍA	Husserl, Edith Stein	Mundo manifesto á conciencia, consideran que a experiencia é subxectiva. Filosofía da conciencia.



EXISTENCIALISMO	Kierkegaard, Heidegger, Sartre, Beauvoir, Camus, Hannah Arendt	Autenticidade individual que da prioridade á existencia fronte á esencia.
FILOSOFÍA ANALÍTICA	Russell, Moore, Wittgenstein	Os erros do pensamento son lingüísticos.
NEOPOSITIVISMO	Carnap	As ciencias experimentais son a fonte do auténtico coñecemento
ESCOLA DE FRANKFURT	Horkheimer, Adorno, Marcuse, Habermas	Crítica da razón instrumental nunha sociedade posindustrial
POSTMODERNIDADE	Vattimo, Lyotard, Deleuze, Derrida	Heteroxeneidade de paradigmas. A filosofía ábrese a ámbitos coma a tecnoloxía, medios de comunicación, arte....
FEMINISMO	Virginia Wolf, Simone de Beauvoir...	Denuncia da inxusta opresión da muller por ser "muller": O xénero é unha cuestión cultural que impón roles de sumisión que perpetúan o dominio dun sexo sobre o outro.

★ Neste texto Nietzsche describe a idea do *Eterno retorno do mesmo*, dende a súa filosofía ó que nos incita é a facer que vala a pena repetir unha e mil veces os teus actos e decisións, pois para querer repetir é que cada instante foi auténtico e diches o millor de ti... fuches a túa millor versión!!!!

“O peso máis grande.— E se un día ou unha noite un demo vai tras de ti ás agachadas deica a máis solitaria das túas soidades e che di: “Esta vida, como ti agora a vives e como a tes vivido, terala que vivir unha vez máis e innumerables veces máis; e nela non haberá nada novo, senón que cada dor e cada pracer e cada pensamento e suspiro e todo o indiciblemente pequeno e grande da túa vida terá que tornar a ti, e todo na mesma orde e sucesión – e así esta araña e este luar entre as árbores, e así este intre e eu mesmo. O eterno reloxo de area da existencia é virado sempre de novo – e ti con el, migalliña de po!”? Non te botarías polo chan renxendo os dentes e maldicindo o demo que así che falou? Ou é que ti algunha vez viviches un instante inmenso, no que lle responderías: “ti es un deus e eu nunca oín nada tan divino!”? Se tal pensamento se apoderase de ti, tal como ti es agora, te transformaría e quizá te esmagaría; a pregunta sobre todas e cada unha das cousas “quieres isto outra vez e innumerables veces máis?” gravitaría sobre a túa acción como o peso máis grande! Ou, como terías que estar reconciliado contigo mesmo e coa vida para non desexar xa nada máis que esta última eterna confirmación e resolución?”

F. NIETZSCHE; *A gaia ciencia* («La gaya scienza»), Libro IV, § 341 Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)




Ilustración 2. Viva a Filosofía!



Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Filosofía Helenística Ilustración 2 .Viva a Filosofía	Autoría: Elaboración propia